

CLUB DE DEBATE 2015

Que é?

O Club de Debate é un torneo de debates entre equipos, organizado como unha competición deportiva, consonte unhas regras definidas e sobre temas previamente fixados.

E tamén...

... Unha oportunidade de traballar doutro xeito algúns dos contidos e obxectivos do currículo educativo.

... Unha ocasión que se lle pode ofrecer ao alumnado para participar dunha experiencia que resultou moi gratificante para todos/as os que se anotaron noutras edicións.

... Unha boa maneira de razoar, de aprender, de practicar... sobre a lingua e sobre outros contidos

... unha proposta que pode ser de interese para varias materias do currículo, ademais de para os obxectivos de normalización lingüística

Quen o organiza?

Promoven e desenvolven esta actividade os servizos de normalización lingüística dos Concellos de Ames, Carballo, O Carballiño, Ferrol, Pontevedra, Rois, Santiago de Compostela e Teo .

Esta é a cuarta edición conxunta do programa.

En 2013 o *IES Saturnino Montojo* gañou a final galega celebrada en Santiago de Compostela; na última edición, 2014, foron os equipos do *IES Leixa* e do *IES Saturnino Montojo*, os gañadores da fase local e accederon á final galega que tivo lugar en Ferrol.

Que se pretende?

Fomentar e practicar o pensamento crítico, a tolerancia fronte á diversidade de opinións así coma o traballo en equipo.

Favorecer o uso do galego oral en contextos formais (os propios debates) e informais (a convivencia que se xera).

Os contidos que se traballan principalmente teñen que ver coas habilidades comunicativas e a oratoria, mais tamén é necesario un proceso de documentación sobre o(s) tema(s) dos debates que achega nocións, datos e argumentos.

Quen pode anotarse?

Rapaces e rapazas (os equipos deben ser mixtos) de 3º e 4º de ESO, 1º de bacharelato ou curso equivalente de ciclos formativos, formando e equipos compostos por un mínimo de 4 e un máximo de 10 alumnos/as mais o/a preparador/a (un/unha profesor/a).

A inscrición teñen que facela os centros de ensino (os equipos participan en nome do centro). Cada centro pode inscribir o número de equipos que queira.

Como se desenvolve?

O Club de Debate organízase como un torneo por equipos en fases locais e galega en que os participantes teñen que defender, por quendas, a posición favorable e contraria sobre o tema proposto consonte unhas estritas regras de funcionamento, recollidas no seu correspondente regulamento.

Como se desenvolve?

Todas as normas que rexen a convocatoria están recollidas no Regulamento IV Club de Debate que se lles enviará aos centros.

Unha vez anotados os equipos serán convocados a un pequeno **Curso de comunicación** e preparación ao debate onde se traballará coas normas e o esquema dos debates e se realizarán exercicios prácticos sobre habilidades comunicativas.

A partir de aí comeza o traballo de cada equipo co seu preparador ou preparadora para elaborar argumentos, documentalos, preparar estratexias para os debates, practicar...

A seguinte cita é xa a **fase local, que** en Ferrol terá lugar entre finais de febreiro e comezos do mes de marzo aproximadamente. O equipo ou equipos gañadores o pasarán á **fase final**, que acollerá cadanseu equipo das comarcas participantes. Nesta edición será o **25 de abril de 2015**.

Como son os debates?

Cada equipo defende a posición sobre o tema do debate na orde que previamente lle corresponda por sorteo (unha vez a favor e outra en contra), por iso todos teñen que preparar as dúas visións.

Os tempos, as quendas de intervención, as posibilidades de interromper, as preguntas, as ferramentas de apoio, os criterios de valoración, o xurado..., están recollidos no Regulamento e explicaranse tamén con detalle no curso de preparación.

En calquera caso, as normas fan que os debates sexan democráticos e vivos, sempre respectuosos e cunha certa formalidade. O escenario contribuirá a isto e nel cada equipo terá un lugar reservado, quen intervén faino desde un atril situado fronte ao público e ao xurado e todas as intervencións estarán cronometradas.

Os criterios de valoración dos debates serán analizados por un xurado de cinco membros nos que se procurará contar con profesorado, xornalistas, lingüistas e xuristas.

Premios

Fase local

Nesta fase haberá un gañador e un finalista. O equipo **finalista** recibirán un premio de 300 euros e un lote de libros. O equipo **gañador** recibirá 500 euros. En función do número de comarcas participantes no proxecto, pasarán á fase final os dous equipos, finalista e gañador, ou só un, o gañador. Decidirase ao remate do prazo da inscrición.

Fase final


O gañador absoluto obterá unha viaxe multiaventura, dunha fin de semana, para un máximo de 20 persoas nun espazo de interese cultural e natural, valorada en 5000 euros.

Sobre que se debate?

O tema da final galega decidirase entre os concellos organizadores.

Para a fase local, o tema elixirase por votación entre os temas que propoñan os centros participantes e os concellos organizadores.

Na pasada edición 2014 o tema da fase local de Ferrol foi **Vivimos nun país de corrupción** e o da final, **Pódese vivir en galego**.



Que se lles pide aos centros?

Pídese a **implicación dos centros e do profesorado**:

- . Primeiro para difundir a convocatoria entre todas as persoas interesadas.
- . Segundo para animar á participación de profesorado e, sobre todo, do alumnado.
- . Terceiro –e non menor- para traballar co(s) grupo(s) participantes na preparación do(s) debate(s).

Pídese tamén a **implicación do alumnado**:

- . Anotándose a participar nun grupo.
- . Traballando convenientemente a preparación dos debates.
- . Respectando as regras de funcionamento.

Como nos anotamos?

Hai unha **pre-inscrición** con prazo até o **28 de novembro** en que só hai que comunicar a intención de participar nesta edición a través do correo electrónico gnl@ferrol.es

A **inscrición definitiva poderase facer até o 5 de decembro** e deberase cubrir a ficha de inscrición (de equipo e de membros) que se inclúen no regulamento e que tamén se lles envía aos centros . Logo hai que remitilas ao Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Ferrol , por correo electrónico, gnl@ferrol.es